



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

---Documento: ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 18 DE OUTUBRO DE 2010.

---Contrato: OBRAS DE "REHABILITACIÓN DE INFRAVIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA P. BAIXA + P. ALTA, SITUADA EN SANTO ANDRÉ DE VEA".

---Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: 22 DE OUTUBRO DE 2010

“Visto o expediente tramitado, de contratación das obras de “REHABILITACIÓN DE INFRAVIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA P.BAIXA + P. ALTA, SITUADA EN SANTO ANDRÉ DE VEA”.-

Visto que, dentro de prazo, unicamente presentou solicitude de participación CONSTRUCCIONES CUTRÍN CASTRO S.L.

Vista a documentación administrativa aportada polo licitador.

Vista a proposta económica detéctase a existencia dun erro material no cálculo do IVE, o cal é confirmado pola representante da empresa segundo consta no expediente.

Vista a conformidade da Intervención municipal de 13-10-10.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda punto 1 da Lei 30/2007, e Decreto de delegación de 21 de xuño de 2007.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes Acordos:

1º.-Adxudicar provisionalmente o contrato de obras de REHABILITACIÓN DE INFRAVIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA P.BAIXA + P. ALTA, SITUADA EN SANTO ANDRÉ DE VEA”, por importe total de 70.834,57 euros (prezo sen IVE: 65.587,57 euros máis IVE 8%: 5.247,00 euros) a CONSTRUCCIONES CUTRÍN CASTRO S.L., con arranxo ao Proxecto, os Pregos e á súa oferta.

2º.-A adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

- Informe da Tesourería municipal de que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias para co Concello.
- Xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5 % do importe da adxudicación excluído o IVE.
- Certificacións acreditativas de estar ó corrente das súas obrigacións tributarias.

A documentación deberá ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do contratante.

Transcorrido o devandito prazo, no seu caso, producirase a adxudicación definitiva.

3º.-Notifíquese o presente Acordo e publíquese a adxudicación provisional no Perfil do contratante.

A Estrada 21 de outubro de 2010.
O ALCALDE,

Asdo. José A. Dono López.